



Concello de Xermade

MEMORIA DA ALCALDÍA

Asunto: licitación da “Subministración de equipamento para o servizo de recollida de residuos do Concello de Xermade”. Expediente 715/2024.

1.- Marco normativo e competencial.

Tendo en conta a natureza das actuacións, estamos ante un contrato administrativo de subministración regulado no art. 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada pola necesidade de mellorar os medios materiais dispoñibles para o servizo de recollida de residuos, servizo de prestación obrigada en todos os municipios (art. 26 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local).

O Concello de Xermade ostenta competencias en materia de recollida de residuos sólidos urbanos.

O Concello de Xermade precisa mellorar a contenerización das fraccións selectivas aumentando o número de colectores para a recollida de envases lixeiros e papel-cartón. Sería necesario adquirir 80 unidades de colectores de 800 litros para a recollida selectiva de envases lixeiros, a fin de substituír os existentes que se atopan deteriorados, e instalar colectores novos en zonas nas que a día de hoxe non hai. O mesmo acontece cos colectores para a recollida selectiva de papel-cartón, dos que carecen tres parroquias (Lousada, Miraz e Piñeiro), e parroquias como Cabreiros ou Burgás só contan cunha unidade, polo que se estima conveniente adquirir 10 unidades. O modelo sería a columna metálica de 3 metros cúbicos.

Asemade, nas instalacións municipais carecemos de papeleiras de reciclaxe, que permitan a recollida separada de envases lixeiros e papel-cartón, polo que propón adquirir 10 unidades de papeleiras de plástico de 2 módulos, cunha capacidade de 60 litros, que se instalarán na Casa do Concello, Biblioteca, Centro de saúde, Casa do Médico e antigas escolas unitarias (Momán, Cabreiros, Roupar, Miraz, Burgás e Cazás).

Por último, considerase conveniente adquirir 5 unidades de papeleiras para exterior, a fin de repoñer as existentes que se atopan deterioradas.

2.- Insuficiencia de medios.

O Concello de Xermade non pode fornecer con medios propios o equipamento necesario para mellorar a contenerización das fraccións selectivas, polo que precisa adquirirllo a unha empresa suficientemente capacitada para a súa subministración.

3.- División en lotes.

O obxecto do contrato é susceptible de dividirse nos seguintes lotes:

Lote	Descrición
1	Colectores 800 litros recollida selectiva (envases lixeiros)
2	Columnas metálica 3m3 recollida





Concello de Xermade

	selectiva papel-cartón
3	Papeleiras recollida selectiva 60 litros 2 módulos
4	Papeleiras exterior polietileno

4.- Xustificación do orzamento base de licitación.

De conformidade co indicado no artigo 100 da LCSP:

«Artigo 100. Orzamento base de licitación.

1. Aos efectos desta Lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, agás disposición en contrario.

2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.»

O prezo unitario aplicable a cada un dos lotes é o prezo de mercado, previa consulta a varias empresas do sector.

5.- Elección do procedemento.

Visto que o orzamento base de licitación para os 4 lotes, como máximo, ascende a contía de trinta mil seiscientos tres euros e trinta e dous céntimos (30.603,32€), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado, por razón da contía (art. 159.6 LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que a subministración debe estar exeutada antes do 31/10/2024.

LOTE 1	Código CPV: 44613700 contenedores de basura
Descrición do lote: Colectores 800 litros recollida selectiva (envases lixeiros)	
Valor estimado: 12.072,00€	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 12.072,00€	IVE%: 2.535,12 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 14.607,12€	
Lugar de execución: Concello de Xermade	

LOTE 2	Código CPV: 44613700 contenedores de basura
Descrición do lote: Columnas metálica 3m3 recollida selectiva papel-cartón	
Valor estimado: 10.490,00€	





Concello de Xermade

Orzamento base de licitación IVE excluído: 10.490,00€	IVE%: 2.202,90 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 12.692,90€	
Lugar de execución: Concello de Xermade	

LOTE 3	Código CPV: 44613700 contenedores de basura
Descrición do lote: Papeleiras recollida selectiva 60 litros 2 módulos	
Valor estimado: 1.480,00€	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 1.480,00€	IVE%: 310,80 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 1.790,80€	
Lugar de execución: Concello de Xermade	

LOTE 4	Código CPV: 44613700 contenedores de basura
Descrición do lote: Papeleiras exterior polietileno	
Valor estimado: 1.250,00€	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 1.250,00€	IVE%: 262,50 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 1.512,50€	
Lugar de execución: Concello de Xermade	

Os criterios de adjudicación propostos son cuantificables automaticamente: o prezo e a ampliación do prazo de garantía.

Con respecto ás condicións especiais de execución do contrato, ao tratarse dun contrato de subministración, ao abeiro do art. 202 da Lei 9/2017, considerase conveniente ter en conta consideracións de tipo ambiental, en concreto: as empresas contarán cos certificados de protección ambiental que sexan necesarios para a súa actividade.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Xermade é a Alcaldía, posto que o valor estimado do contrato (25.292,00€) non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2024 (196.449,29€). Non obstante, trátase dunha competencia delegada na Xunta de Goberno Local.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 2023-0286 o 27 de xuño (BOP n.º 157 do 10/07/2023), o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

O que asino en Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas

